



ILMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

**BASES PARA A CONTRATACIÓN DUNHA CONTA CORRENTE PARA A XESTIÓN DO FONDO ESTATAL PARA EL EMPLEO Y LA SOSTENIBILIDAD LOCAL, CREADO POLO REAL DECRETO LEY 13/2009**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do presente contrato é a contratación dunha conta corrente bancaria para a xestión do FONDO ESTATAL PARA EL EMPLEO Y LA SOSTENIBILIDAD LOCAL, creado polo Real Decreto-Lei 13/2009, de acordo coas esixencias da Disposición Adicional Sétima do citado Real Decreto-lei, de xeito que os recursos do Fondo se ingresarán na conta obxecto deste contrato, que deberá destinarse en exclusiva á financiación e pago dos proxectos de inversión e actuacións financiadas con cargo ó Fondo, e sen que poida modificarse durante a tramitación do expediente, salvo causas de forza maior.

**2.- NATUREZA DO CONTRATO**

O presente contrato está excluído do ámbito de aplicación de la Ley 30/2007, de Contratos del Sector Público, tendo natureza mercantil.

A forma xurídica poderá ser a de conta á vista de retribución especial, conta de aforro, ou calquera outra que permita dar cumprimento á finalidade económica perseguida, isto é, xestionar os fluxos de ingreso/pago derivados do Fondo, e rendibilizar os fondos anticipados en tanto non sexan aplicados ó seu destino final.

**3.- CONDICIÓN PARTICULARES**

**3.1.- Importe aproximado da imposición:**

Segundo o disposto no artigo 15 do Real Decreto-Lei 13/2009, a Dirección Xeral de Cooperación Local adiantará o 85% do importe de adxudicación das obras, servizos ou suministros previstos no artigo 9.4, e, no seu caso, dos gastos de elaboración do proxecto e da dirección da obra, incrementado co importe do IVE correspondente, librando o importe restante ata cubrir o importe real de execución das obras, subministrados ou servizos, co límite máximo do orzamento autorizado polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial, unha vez finalizadas e xustificadas as obras, sendo a data límite para a xustificación o final do primeiro trimestre de 2011.

Ó Concello de Cangas correspóndelle unha participación total no Fondo de 2.760.737,00 Euros, cantidade da que se percibirá en función do ritmo de adxudicación das distintas obras, e das xustificacións presentadas.

En todo caso, o importe das distintas remesas que se perciban por este concepto, serán ingresadas a través da conta bancaria obxecto deste contrato, e soamente poderán ser utilizados estes fondos para a realización dos pagos dimanantes da execución das actuacións financiadas con cargo ó Fondo.

### **3.2.- Prazo:**

O período de permanencia das distintas imposicións resulta variable en función do ritmo de adxudicación das obras e do ritmo de execución, pagamento e xustificación.

En todo caso, estímase un período medio de permanencia de cada unha das remesas de catro meses.

No caso das cantidades anticipadas polo Estado, correspondentes ó 85% da inversión financiada, Concello ingresará as cantidades na conta obxecto deste contrato mediante domiciliación bancaria das distintas remesas, que soamente serán retiradas para realizar os pagos ás distintas empresas contratistas das actuacións vinculadas ó Fondo.

O ingreso do 15% restante producirase de igual xeito mediante domiciliación bancaria na citada conta, quedando eses fondos a disposición do Concello.

### **3.2.- Tipo de interés a retribuir:**

O tipo de interés ofertado poderá ser fixo ou variable.

No caso de ser variable, referenciarase a EURIBOR máis un diferencial, especificando o tipo de EURIBOR tomado como base e a periodicidade das revisións.

Valorarase positivamente o establecemento dun solo no tipo de interés a retribuír.

No suposto de tratarse dun tipo de interés fixo, tomarase como solo o tipo de interés ofertado.

No suposto ofertar un tipo de interés variable referenciado a EURIBOR, deberá incluírse na oferta o cálculo do tipo de interés aplicable á data de contratación da conta, de acordo cos criterios de cálculo ofertados.

### **3.3.- Período de liquidación de interés:**

Establécese un período de revisión (no caso de tipos de interés variable) e liquidación de intereses máximo trimestral, a partir da data de formalización do contrato, valorándose positivamente o establecemento de períodos inferiores.

### **3.4.- Disponibilidade:**

Plena disponibilidade das cantidades depositadas, previo requerimento, nun prazo máximo de 48 horas, sen ningún tipo de penalización.

### **3.5.-Comisións e gastos:**

Non se aceptarán gastos por comisión de apertura, de disponibilidade, de cancelación anticipada ou definitiva, nin gastos de estudio ou administración, , nin calquera outro tipo de gasto nin comisión.

#### **4.- FORMA DE ADXUDICACIÓN**

A adxudicación realizarase mediante concurso, de acordo cos criterios recollidos na Base 6

#### **5.- PUBLICIDADE**

Unha vez aprobado, o presente prego remitirase, xunto coa solicitude de oferta, a todas as Entidades Financieras con oficina aberta no Concello de Cangas, así como ó BBVA Institucións.

Cualquera Entidade Financeira interesada na licitación poderá dirixirse á Tesorería de este Concello a efectos de obter una copia do presente prego, así como calquera outra información que resulte necesaria a efectos da presentación de ofertas.

O presente prego publicitarase igualmente a través da páxina Web do Concello de Cangas.

#### **6.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

A adxudicación do contrato efectuarse ó licitador que realice a oferta máis vantaxosa de acordo coa la valoración dos seguintes parámetros, sobre un máximo de 10 puntos:

- Maior tipo de interés ofertado: 7 puntos
- Oferta de un maior solo no tipo de interés a retribuir: 2 puntos
- Menor período de liquidación de intereses: 1 punto

A valoración realizarase outorgando a máxima puntuación á mellor oferta en cada un dos puntos a considerar, calculando a puntuación das restantes ofertas proporcionalmente por comparación directa coa mellor. A suma das puntuacións obtidas en cada un dos criterios a valorar determinará a puntuación final.

#### **7.- PRESENTACIÓN E CONTIDO DAS OFERTAS**

As ofertas presentaranse no Rexistro Oficial do Concello de Cangas, en horario de atención ó público, en dous sobres pechados, dirixidos á Alcaldesa e asinadas polo representante da entidade oferente.

A data límite de presentación de ofertas será o día 28 de xaneiro de 2010.

Se as propostas se presentasen por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama, télex ou fax. En ningún caso se admitirán propostas presentadas por correo que se reciban con posterioridade ó acto de apertura de los sobres das propostas.

Nos sobres presentados polas entidades financeiras deberase incluír a seguinte documentación e información:

**SOBRE A:** No seu exterior figurará a indicación **“Proposta para tomar parte no procedimemento para contratar unha conta corrente para a xestión do Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local, creado polo Real Decreto Ley 13/2009: Documentación”**, e conterá a seguinte documentación:

1.- Declaración expresa da inscrición como entidade financeira no Rexistro Oficial do Banco de España.

2.- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá adxuntarse poder notarial para representar á persoa ou entidade que concorre. Estes poderes deberán estar bastanteados previamente pola Secretaria da Corporación ou funcionario habilitado.

**SOBRE B:** No seu exterior figurará a indicación **“Proposta para tomar parte no procedemento para contratar unha conta corrente para a xestión do Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local, creado polo Real Decreto Ley 13/2009: Proposta Económica”**, e conterá a oferta económica segundo o modelo que se describe.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposta, non admitíndose variantes ou melloras dentro da mesma.

A oferta axustarase ó seguinte modelo de proposición:

**PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN DE UNHA CONTA CORRENTE PARA A XESTIÓN DO FONDO ESTATAL PARA EL EMPLEO Y LA SOSTENIBILIDAD LOCAL**

Don/Dona ....., con NIF número ....., con domicilio a efectos de notificacións en ....., Provincia de ....., rúa ....., C.P. ....., teléfono ....., fax ....., actuando en representación de ....., con CIF número .....

Que enterado do interés por parte do Concello de Cangas na contratación dunha conta corrente para a xestión do Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local, declaro, con intención de obrigar á Entidade por mín representada, o seguinte:

**PRIMERO.-** Que acepta expresamente as bases para a contratación da operación en todos os seus extremos.

**SEGUNDO.-** Que ofrece en nome de la Entidade representada a concertación dunha operación con arranxo ás seguintes determinacións e condicións:

1.- Tipo de operación ofertado:

2.- Prazo:

3.- Tipo de interés: (no caso de ofertar un tipo de interés variable, incluír cálculo do tipo a aplicar ó primeiro período de interés do contrato)

4.- Solo no tipo de interés:

5.- Período de liquidación de intereses:

Lugar, data e sinatura do representante ou representantes da Entidade licitadora.

## **8.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

A apertura de proposicións realizarase na Sala de Xuntas do Concello de Cangas, ás 10:00 horas do día 29 de xaneiro de 2010

A tal efecto, constituirase unha Mesa de Contratación integrada pola Alcaldesa-Presidenta, o Interventor, a Secretaria e o Tesoureiro, o persona en quen deleguen

Abertas as ofertas, procederase á súa valoración de acordo cos criterios de adxudicación contidos no prego. En función dos resultados de ésta, a Mesa de Contratación procederá a efectuar proposta de adxudicación

## **9.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Á vista da Proposta da Mesa de Contratación, o órgano de contratación procederá á adxudicación do contrato, que será notificada ó adxudicatario e ó resto de licitadores.

O contrato que se derive da presente licitación será formalizado en documento administrativo, podéndose elevar a documento notarial se o solicitara o adxudicatario, correndo, en este caso, por conta de éste último os gastos de formalización.

O contrato será formalizado no prazo máximo de dous días hábiles desde a notificación do acordo de adxudicación

En Cangas a 21 de xaneiro de 2010

**LA ALCALDESA,**

Asdo.: Clara Millán González